



**Asunto: alegacións á aprobación provisional da RPT do Concello de Val do Dubra en relación co posto de técnico/a de normalización lingüística**

Anxos Sobriño Pérez, como presidenta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), con CIF G-15542897, enderezo postal no apartado de correos 170 de Santiago de Compostela, enderezo electrónico info@ctnl.gal e teléfono de contacto 629 571 950,

EXPOÑO:

O Concello de Val do Dubra conta **desde o ano 2002** cun **servizo de normalización lingüística propio** estable dotado dun posto técnico de persoal funcionario. Con todo, nos últimos anos esta praza estivo vacante en períodos máis ou menos longos de tempo, nunca foi cuberta e na actualidade continúa sen ocupar. No BOP da Coruña do 28 de setembro de 2018, [o Concello de Val do Dubra anunciou a aprobación inicial da modificación da súa relación de postos de traballo](#) (RPT). Un dos cambios da RPT é a **transformación da praza de técnico/a de normalización lingüística e apoio á Secretaría**, existente desde 2002 e vacante desde hai máis dun ano, **nunha praza de técnico/a de Administración xeral**, por tanto, nun posto sen funcións de asesoramento na política lingüística municipal nin de dinamización lingüística. Isto supón na práctica a **supresión do servizo de normalización lingüística propio do Concello de Val do Dubra logo de máis de 15 anos de existencia**, pois **desaparece da RPT o posto técnico que o sostén**.

As entidades locais de Galicia teñen entre as súas competencias a normalización lingüística, é dicir, a promoción do uso e o prestixio da lingua galega en todos os ámbitos de influencia da entidade. Así o [aclararon](#) recentemente a Dirección Xeral da Administración Local e a Secretaría Xeral de Política Lingüística, mediante a redacción e difusión do [Informe sobre a prestación do servizo de normalización lingüística pola Administración local en exercicio de competencia propia](#).



As ferramentas de traballo das administracións públicas para exercer as súas funcións son os **equipos técnicos especializados**, tanto no departamento de urbanismo ou no de servizos sociais como no de lingua. É imprescindible un departamento técnico ou SNL estable, dotado de persoal e orzamento suficiente, para analizar a situación da lingua na entidade local, no municipio ou na comarca, asesorar a entidade en política lingüística e para **planificar, xestionar, executar e avaliar accións e programas de normalización lingüística** que interveñan nas áreas prioritarias onde o galego perde prestixio ou utilidade. En definitiva, os servizos de normalización lingüística son necesarios para que os concellos poidan exercer de forma eficaz as súas competencias en normalización lingüística.

Polo tanto, SOLICITO:

- Que o **Concello de Val do Dubra non suprima na RPT a súa praza de técnico/a de normalización lingüística (SNL)**, pois é un posto técnico necesario para que o concello exerza as súas competencias en normalización lingüística. O traballo de normalización na institución e na súa área de influencia sufrirá un gran retroceso se deixa de contar cun posto técnico no propio concello.
- Que o **Concello de Val do Dubra cubra o posto vacante de técnico/a de normalización lingüística** para continuar contando cun **servizo de normalización lingüística propio** e poder **planificar, xestionar, executar e avaliar accións e programas de normalización lingüística**.

Pontevedra, 11 de outubro de 2018